

**PREGUNTA DE AER RELATIVA AS ACTAS DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DA AP-9 (Rex. Entrada 02.07.2018, 2018-E-RPLN-14).**

PLENO 04 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

*“O 12 de abril de 2018 AER presentou por sede electrónica o seguinte rexistro:*

Nº 2018-E-RE477

EXPÓN:

*Que na pasada Comisión de seguimento das obras da ap-9 celebrada o 31/01/2018 non se procedeu a aprobación da acta da anterior comisión do 17/02/2017. Despois de ser informados pola secretaria da comisión de que se lle deron ordes para non levar esa acta a comisión. Acta na que se recollen temas de importancia no seu borrador, como demandas sobre o terceiro carril do colexio Igrexa, denuncias sobre inseguridade nos postos de traballo ou as demandas para a expropiación dos inmobles de Chapela e Cabanas que quedan nunha situación precaria, despois de que o trazado da ampliación da ap-9 fora rematado.*

*Tendo en conta que na derradeira comisión o presidente anunciaba o peche da mesma, non entendemos que se faga tendo as actas sen aprobar.*

SOLICITAMOS:

*Unha resposta sobre este asunto e si o presidente da por rematada a comisión de seguimento sen a aprobación de todas as actas da mesma.*

*Ante o exposto e debido á escasa vontade e transparencia con que o goberno local trata os numerosos rexistros de AER sobre a ampliación da AP-9, maioritariamente sen contestar, PREGUNTAMOS:*

***Pretende o goberno local de Redondela dar por rematada a Comisión de Seguimento da AP-9 sen que as actas oficiais da mesma sexan debidamente aprobadas?”***

Resposta: Alcalde: *é certo que se daba por rematada a comisión de seguimento. Vendo as últimas noticias igual a temos que retomar. O das actas é verdade, tratarei de que se aproben as actas. e mantemento queremos que se faga xa.*